

Circular Competicións- 23 de setembro de 2020

Asunto.- Convocatoria solicitudes Organización de Probas Calendario oficial

A TÓDOLOS CLUBS E ORGANIZADORES DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO

A Federación Galega de Triátlon e Péntatlon Moderno abre o prazo para a presentación de solicitudes de organización de probas para a tempada 2020/2021, co fin de poder traballar no desenvolvemento do calendario que se aprobará para o que resta de 2020 e para a próxima tempada.

A DGT acaba de enviar a comunicación cos prazos de comunicación das probas afectadas polos permisos de tráfico. O primeiro prazo para dar prioridade a estas probas sobre outras modalidades ou eventos non oficiais calendadas, especialmente aquelas que poidan ter previsión de celebración antes de finais de marzo rematará o 26 de outubro.

En relación ao anterior e coñecedores da situación de incertidume actual, animámosvos a facer previsión de datas de celebración daquelas probas que poidades ter previstas, aínda sabendo que nalgúns casos a súa celebración dependerá da evolución da situación sanitaria na comunidade e na zona, algo totalmente comprensible a data de hoxe por todos os estamentos federativos.

Recepción de solicitudes: ata o 21 de outubro de 2020

A solicitude deberá enviarse a info@fegatri.org e virá acompañada dun pequeno proxecto que debe perfilar os aspectos básicos que se detallan a continuación, especialmente no caso de novas probas, para poder traballar sobre o mesmo coordinadamente.

Na medida en que se traballa a longo prazo sabemos que en serán previsións que despois se deberán concretar cos delegados e delegadas técnicos das probas, e que seguramente sufran tamén variacións por diversas cuestións secundarias, pero é importante ter unha descrición previa destes puntos, para poder dar apoio á organización que así o precise.

DATOS BÁSICOS DO PROXECTO DE SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE PROBAS

– Formulario de comunicación calendario cuberta cos datos da proba (xúntase en word)

FICHA/FORMULARIO CALENDARIO

***Datos para Probas con antecedente (solicitarase o proxecto de cambios para a posta en marcha).**

Datos:

- Nome da proba
- Tipo -(Circuíto/Cpto Autonómico/Popular).
- Dúas datas posibles e localización.
- Organizador, datos e persoa de contacto.
- Director de Carreira/Responsable (nome, teléfono, email).
- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Ficha de tráfico cuberta (de afectar permisos da DGT).
- Distancias
- Observacións: indicar previsión cambios de localización ou circuítos respecto á edición anterior.

***Probas que se organicen por primeira vez engadirán o proxecto engadindo ademais os seguintes datos:**

- Organizador (É preciso tramitar licenza de club-organizador 2020 de triatlón, ou coorganizala con algún organizador con licenza).
- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Dirección Executiva e Dirección de carreira
- Datos e persoa de contacto.
- Data, hora e lugar. (se é posible dúas alternativas para tentar cadrar previamente dende competición un calendario onde non se prexudiquen)
- Número de carreiras-saídas, se houberse máis dunha.
- Distancias
- Planos dos circuítos con tódalas áreas (Saída, transición, meta, áreas de penalización,...).
- Sistema de Cronometraxe
- Premios
- Categorías
- Servizos- (duchas e vestiarios, megafonía e locución, infraestruturas en xeral...)
- Seguros- Propios (indicar de selo caso. Serán revisados polo DT) ou xestionados a través da Fegatri.
- Servizos médicos e plan de seguridade e evacuación.
- Vehículos. Control dos sectores de carreira
- Avituallamentos.
- Voluntariado